

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 29 DE XULLO DE 2022

Ás 10.00 horas do día 29 de xullo de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourenzana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Socialista don Álvaro Vila Araújo.

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se debatía o punto sexto da orde do día e non regresou.

Antes do inicio de tratamento dos asuntos incluídos na orde do día o Sr. presidente anuncia que, a petición do portavoz do Grupo Socialista, mediante un escrito, o punto 12º da orde do día é retirado.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2022.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do 27 de xuño de 2022.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 27 de xuño, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA A DECLARACIÓN DE “ZONA AFECTADA GRAVEMENTE POR EMERXENCIA DE PROTECCIÓN CIVIL” DOS ESPAZOS AFECTADOS POLOS INCENDIOS FORESTAIS DESDE O DÍA 14 DE XULLO E SEGUINTE.

O Sr. presidente dá lectura á proposta de declaración institucional.

Non se producen intervencións e a Corporación aproba, por unanimidade, a seguinte declaración institucional:

1º.- Reclamarlle ao Goberno do Estado que se inicie o procedemento de declaración das zonas afectadas polos incendios de Galicia como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil pola grande extensión do terreo calcinado e as vivendas destruídas, en aplicación do contemplado no artigo 23 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema nacional de protección civil, que indica no seu punto 1 que: “a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil prevista nesta lei efectuarase por acordo do Consello de Ministros a proposta dos ministros de Facenda e Interior e, se é o caso, dos titulares dos demais ministerios concernidos, e incluírá, en todo caso, a delimitación da área afectada. A devandita declaración poderá ser solicitada polas administracións públicas interesadas”.

2º.- Reclamarlle ao Goberno do Estado que, para tal obxecto, aprobe as medias contempladas no artigo 24 da devandita lei, que comprende axudas económicas a particulares, así como medidas fiscais de exención tributaria e medidas laborais e de Seguridade Social.

3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021.

A Sra. interventora expón o contido da proposta.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Intervén para manifestar que se trata dun documento estritamente técnico. Engade que debemos ser unha Administración moi previsora xa que, dos setenta e nove millóns de euros que tiñamos orzados inicialmente, acabamos executando cento vinte e sete millóns. O remanente de tesourería do 2021 medrou respecto ao de 2020, o cal é moi significativo, polo que a crítica debe ser como somos quen de ter ese remanente de tesourería nunha situación como a actual. Por último, pregunta se nos datos que figuran como saldo de dubidoso cobro por importe de nove millóns e medio de euros se atopan ou non os préstamos participativos que lle facemos ano a ano á sociedade MEISA, trasladando as dúbidas sobre que eses préstamos participativos sexan devoltos a esta Administración. A continuación engade que a provincia pecha o exercicio de 2021 cun dez por cento menos de habitantes que no 2008, é dicir, trinta mil habitantes menos, o número de empresas tamén se reduce de forma significativa, somos unha provincia moi avellentada, polo

que pregunta como podemos ter o remanente de tesourería do que presume esta Administración, entendendo que algún problema hai na xestión destes recursos que non dinamizan esta provincia.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que a conta xeral, como indica o informe da Intervención Provincial, é o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económicos, financeiros, patrimoniais e orzamentarios pola entidade local, erixíndose nun mecanismo de control. Engade que se trata da reválida á que enfronta o grupo de goberno como xestores dos fondos públicos. Sinala que o orzamento inicial foi modificado por un importe superior aos corenta e sete millóns de euros, é dicir, aproximadamente nun sesenta por cento, pero só se acadaron obrigas recoñecidas netas, é dicir, executouse un sesenta e oito por cento do dispoñible. Engade que se trata dunha escasa bagaxe de execución para unha provincia nunha situación como a nosa. Sinala tamén que un corenta por cento das subvencións aos concellos da provincia (cooperación cos concellos) se instrumentalizaron a través de subvencións nominativas, é dicir, de xeito arbitrario e a dedo. Así, entre cinco concellos dos noventa e dous da provincia, recibiron case a metade do importe total concedido mediante subvencións nominativas. No ano 2021 o investimento por habitante nos diferentes concellos presenta enormes diferencias entre uns e outros. No relativo á contratación administrativa, sinala que os datos tampouco deixan a este goberno en bo lugar, xa que dos máis de doce millóns investidos en diferentes contratacións, o cincuenta e dous por cento foron adxudicados a dedo a través de contratos menores e sen ningún tipo de concorrència competitiva. Para rematar, indica que debemos lembrar a instrución asinada hai un ano pola Secretaría Xeral desta Deputación sobre as propostas de contratación menores na que deixou moi claro que os principios que deben presidir a actividade contractual da DPO, son os de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; todo isto para conseguir unha eficiente utilización dos fondos públicos. Remata, indicando que esta conta xeral é un calco das de exercicios anteriores, polo que o informe de fiscalización do Consello de Contas será tamén moi similar ao de exercicios anteriores. Sinala que o voto do grupo socialista será a abstención.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que estamos diante dunha cuestión técnica e de trámite, e que foi ditaminada favorablemente en comisión informativa e exposta ao público segundo o disposto na normativa aplicable, sen que se presentase reparo

ou observación ningunha a esta. Sinala que estamos diante dunhas contas perfectamente detalladas e engade que a liquidación do anterior exercicio ascendeu a case corenta e oito millóns de euros. Sobre o indicado no transcurso do debate sinala que é evidente que esta Deputación non é a responsable da perda de poboación da provincia, nin da situación da Galicia e da España baleirada. Respecto á intervención do voceiro socialista sinala que sempre ten que sacar o tema das subvencións nominativas e dos contratos menores e que se trata de temas cos que xa aburrimos á xente. Engade que, se quere, falamos das subvencións nominativas que lles outorga a CH do Miño-Sil aos concellos gobernados polo PSOE, e sobre os contratos sinala que ningún ten informe contrario de Secretaría ou de Intervención.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Fai uso da palabra, para sinalar que este ano imos dispor outra vez dun préstamo participativo a favor de MEISA e que el non ten ningunha esperanza en que sexa devolto. Matiza que este asunto volve ao Pleno non porque a oposición pedise ter máis tempo para o seu exame, senón porque simplemente faltaba documentación para que o expediente estivese completo. Remata, indicando que a posición do BNG vai a ser a abstención.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que efectivamente este asunto volve ao Pleno non porque a oposición pedise ter máis tempo para o seu exame, senón porque simplemente faltaba documentación para que o expediente estivese completo, cuestión que é moi distinta ao que afirma o voceiro do grupo popular. Insiste en que esta conta xeral reflicte como se distribúen arbitrariamente os fondos desta Deputación aos concellos, e como se abusa dos contratos menores, polo que eles seguirán esixindo un repartimento xusto e equitativo deste entre todos os concellos desta provincia.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Conclúe, sinalando que a conta xeral é un reflexo do movemento económico de todo o exercicio económico, ao que a oposición podería ter feito un seguimento. Respecto ao repartimento das subvencións da CH do Miño-Sil insiste en que desde que está o goberno socialista o repartimento só favorece aos gobernados por este partido.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as contas xerais correspondentes ao exercicio 2021, de acordo co establecido no artigo 212.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

Primeiro.- **Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2021, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 30.287.448,85 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 48.133.612,22 €
- Balance de situación: 2.337.453.150,98 €
- Resultado económico patrimonial: - 87.101.311,34 €

Segundo: **Conta Xeral do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2021, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 41.765,12 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 482.957,59 €
- Balance de situación: 17.088.877,04 €
- Resultado económico patrimonial: -703.493,14 €

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio Provincial do Servizo Contra Incendios e Salvamento** do exercicio 2021, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 250.357,60 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.285.213,45 €
- Balance de situación: 8.115.934,25 €
- Resultado económico patrimonial: -465.916,33 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras** do exercicio 2021, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 144.179,53 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: -308.707,70 €
- Balance de situación: 1.110.219,44€
- Resultado económico patrimonial: 129.039,33 €

2º.- Proceder á rendición da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: MODIFICACIÓN DA BASE 5 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO INORDE PARA O ANO 2022.-

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para sinalar que esta modificación ten por obxecto subvencionar proxectos turísticos en dous concellos. Sinala que desde o grupo socialista non están en contra destes proxectos que se subvencionan senón que o criticable, como teñen reiterado, é que este tipo de cooperación cos concellos se instrumentalice de xeito arbitrario e aleatorio sen criterios obxectivos e públicos. A solución para evitar esta discriminación é presentar de xeito público unha convocatoria que permita acceder en condicións de igualdade a todos os concellos desta provincia.
- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Manifesta que se trata dunha modificación nos orzamentos do INORDE e pregunta ao grupo socialista cales foron os concellos que presentaron proxectos deste tipo no INORDE e foron rexeitados, engadindo que non hai ningún que fose rexeitado. Sinala que estes dous concellos presentaron proxectos de moito interese municipal e provincial e obteñen agora o apoio do INORDE. Remata, indicando que este proxecto de modificación xa foi aprobado no Consello Reitor deste organismo autónomo.
- 2ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Matiza que a solución está en presentar unha liña de axudas para proxectos turísticos municipais, con criterios de valoración transparentes, claros e obxectivos, para que poidan concorrer todos os concellos interesados.
- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Sinala que a transparencia queda máis que demostrada cando se atende e se apoia ao cen por cen dos proxectos presentados no INORDE. Aproveita para sinalar que no día de hoxe remata o prazo de presentación de solicitudes de axuda no procedemento de concorrencia competitiva promovido polo INORDE para proxectos de asociacións de comerciantes e centros comerciais.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da base 5ª das de execución do orzamento do INORDE para o exercicio 2022, para a especificación da dotación orzamentaria e beneficiario das subvencións nominativas segundo o cadro seguinte:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Parada do Sil	Autobús lanzadeira Parada do Sil-Mosteiro de Sta. Cristina	10.000,00 €
Concello da Veiga	II Exposición gandeira e agrícola de Trevinca	15.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- EXPEDIENTE Nº 5/2022 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2022.

O Sr. presidente indica que a Sra. interventora xa informou deste punto no punto anterior.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que a discrepancia do seu grupo é ben coñecida e que se centra no xeito en que instrumentalizan as axudas aos concellos a través de subvencións nominativas, cando o repartimento dos fondos desta Deputación non pode ser discrecional, e debora plasmarse nun plan único ou plan concellos con criterios claros e no que poidan participar todos os concellos da provincia.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para sinalar que esta non é maneira nin a forma de facer as cousas, e que si existise un plan único de cooperación cos concellos sería todo máis xusto, máis práctico e máis áxil. Remata, indicando que o voto do grupo socialista vai a ser a abstención.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que se trata de modificacións de tipo cualitativo e non cuantitativo, e todas a instancia dos respectivos concellos que figuraban como beneficiarios das respectivas subvencións no orzamento provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 5/2022, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que **non afectan cuantitativamente** ao orzamento xeral do exercicio 2022:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello da Peroxa** para a execución da obra “**Humanización de rúas das vivendas sociais** ” por importe de 41.000,00 euros. Baseándose na solicitude presentada polo Concello da Peroxa de data 09 de xuño de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser “**Humanización de vivendas sociais e contorna na Peroxa. Plan Hurbe**”.

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello da Peroxa	Humanización de vivendas sociais e contorna na Peroxa. Plan Hurbe.	41.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello de Bande** para a execución da obra “**Saneamento Escola de Baño** ” por importe de 36.000,00 euros. Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Bande de data 17 de xuño de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o

mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser para a **“Mellora de infraestrutura de depuración en Recarei, Bande, Ourense”**.

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Bande	Mellora de infraestrutura de depuración en Recarei, Bande, Ourense	36.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención á **Asociación de cabalistas O Mundil** para **“Gastos de funcionamento ”** por importe de 10.000,00 euros. Baseándose na solicitude presentada polo presidente da asociación de data 21 de xuño de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser para a **“construción dun peche perimetral dos terreos da Asociación de cabalistas O Mundil”**.

450.12/789.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación de cabalistas O Mundil	Construción dun peche perimetral dos terreos da Asociación	10.000,00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello de Riós** para **“Funcionamento do Centro de día”** por importe de 60.000,00 euros. Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Riós de data 08 de xullo de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade de parte da subvención** pasando a ser **“Adecuación enerxética do Centro de día”**, e polo importe de 48.000,00 €, quedando os restantes 12.000,00 € para a mesma finalidade que se aprobou na sesión plenaria do 29 de abril de 2022.

Polo tanto, procedese neste acto ao cambio de aplicación orzamentaria dentro da mesma área de gasto dos 48.000,00 € pasando a un capítulo 7.

A subvención ao concello de Riós queda da seguinte maneira:

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Riós	Adecuación enerxética do Centro de día	48.000,00 €

Na aplicación orzamentaria **450.12/462.00 “ Cooperación provincial. A concellos”**

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Riós	Funcionamento Centro de día	12.000,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello da Rúa** para a execución da obra “**Saneamento e reparación rúa Cegoña**” por importe de 48.000,00 euros. Baseándose na solicitude presentada polo Concello da Rúa de data 16 de xuño de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser para a obra “**Reforzo firme e pavimentación rúa A Santa**”.

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello da Rúa	Reforzo firme e pavimentación rúa A Santa	48.000,00 €

f) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na MC 1/2022 aprobada na sesión plenaria realizada o 29 de abril, prevíase unha subvención ao **Concello de Bande** para “**Proxecto Bande Termal**” por importe de

34.000,00 euros. Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Bande de data 16 de xuño de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a denominarse “**Servizos técnicos e premios**”, dentro da mesma área de gasto, pasando do capítulo 7 ao capítulo 4.

450.12/762.00 “Cooperación provincial. A Concellos”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Bande	Servizos técnicos e premios	34.000,00 €

5 .- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MONTEVAL (GDR MONTEVAL)”.-

O Sr. presidente anuncia que, tal e como se acordou na Xunta de Portavoces, se debaterán conxuntamente os puntos 6º, 7º, 8º, 9º, 10º e 11º da orde do día.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que este un pequeno paso para esta colaboración cos GDR, e que xa fora solicitado polo grupo do BNG. Na comisión solicitouse información sobre cal vai a ser o obxecto concreto desta colaboración que en principio é cativa, e que agardan en exercicios posteriores aumente de forma significativa, xa que os GDR son unha forma de xestión próximas e dinamizadoras do territorio rural de Galicia, e en particular do interior. Engade que o seu grupo vai a votar a favor das propostas pedindo que se incremente nos vindeiros exercicios esta achega que consideran escasa.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que o seu grupo votará favor destas seis propostas de adhesión aos seis GDR da provincia.
- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que coincide coas afirmacións feitas polo voceiro do BNG, e que se atenden as peticións feitas polos presidentes das respectivas asociacións. Consideran que é necesario saber como se vai a xustificar este ano a achega anual da Deputación, e piden que se vaia incrementando nos vindeiros anos ata chegar aos cen mil euros anuais. Engade que sería de interese que se adopte un acordo na Deputación no que se indique que non se concorrerá en procedementos de concorrencia de fondos europeos á marxe dos GDR para non prexudicar a estes entes.
- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Toma a palabra, para lembrar que no derradeiro debate do estado da provincia se aprobou unha proposta do grupo popular nesta liña de adherir á administración provincial aos seis GDR, e que a Presidencia provincial ademais, pretende facer efectiva unha colaboración económica anual, sendo nesta anualidade de 2022 de dez mil euros, previsión que xa figura incorporada no orzamento provincial. Seguidamente pasa a expoñer brevemente cales son os fins e competencias destas entidades asociativas e pór en valor o papel de colaboración que vai a desempeñar esta Deputación como membro de pleno dereito de todos os GDR da provincia. Remata, aclarando que esta liña de axudas no futuro se poderá incrementar, se os estudos económicos así o permiten. O destino dos fondos será nesta anualidade para gastos de funcionamento dos respectivos GDR.
- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Intervén brevemente para recoñecer que os presidentes dos seis GDR uníronse para esta reivindicación e lembra que esta proposta xa a fixera o grupo do BNG no ano 2020. Considera favorable esta acción de cooperación, pero esta debe prolongarse no tempo e ter maior dotación económica.
- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza, sinalando que a estatística pon de manifesto que os plenos sobre o estado da provincia serven para ben pouco, xa que a maior parte das propostas aprobadas non se executan. Engade que a dotación desta Deputación para os GDR debe incrementarse en vindeiros exercicios ata chegar a un total de seiscentos mil euros para todos eles, así como a importancia de que a Deputación non conorra ás mesmas convocatorias de fondos LEADER para non detraer fondos a estes entes.
- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Remata, indicando que o incremento de achegas da Deputación aos GDR se estudará no futuro e non debemos precipitarnos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións e, por maioría, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural MONTEVAL (GDR MONTEVAL)”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores da dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

7º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL COMARCA DE OURENSE (GDR ADERCOU)”.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 6º, 8º, 9º, 10º e 11º.

Non se producen intervencións e, por maioría, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural comarca de Ourense (GDR ADERCOU)”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores de dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

8º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL LIMIA-ARNOIA (GDR LIMIA-ARNOIA)”.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 6º, 7º, 9º, 10º e 11º.

Non se producen intervencións e, por maioría, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural LIMIA-ARNOIA (GDR LIMIA-ARNOIA)”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores de dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

9º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA (GDR SIL-BIBEI-NAVEA)”.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 6º, 7º, 8º, 10º e 11º.

Non se producen intervencións e, por maioría, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural SIL-BIBEI-NAVEA (GDR SIL-BIBEI-NAVEA)”.
- 2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.
- 3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores da dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

10º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL VALDEORRAS (GDR VALDEORRAS)”.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 6º, 7º, 8º, 9º e 11º.

Non se producen intervencións e, por maioría, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural VALDEORRAS (GDR VALDEORRAS)”.
- 2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.
- 3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores da dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

11º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL CARBALLIÑO-RIBEIRO (GDR CARBALLIÑO-RIBEIRO)”.-

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 6º, 7º, 8º, 9º e 10º.

Non se producen intervencións e, por maioría, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación de desenvolvemento rural CARBALLIÑO-RIBEIRO (GDR CARBALLIÑO-RIBEIRO)”.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense nos órganos reitores da dita asociación, á Presidencia da Deputación Provincial ou deputado/a en quen delegue.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A DECLARACIÓN DA SEÑORA PAULA PRADO DEL RÍO E O SEÑOR MIGUEL ÁNGEL TELLADO FILGUEIRA, PERSOAS NON GRATAS NA PROVINCIA DE OURENSE.-

Este punto foi retirado da orde do día.

Intervén o Sr. Rodríguez Villarino do Grupo Socialista para informar de que o deputado Álvaro Vila Araújo tivo un accidente doméstico, consecuencia do cal estará apartado algún tempo.

O Sr. presidente manifesta o desexo de todos para a súa pronta recuperación.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A MELLORA DAS ESTRADAS DO ORIENTE DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción:

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza, indicando que cando lemos o título da moción, a todos os deputados e deputadas deste salón de plenos vénsenos á cabeza con total seguridade a débeda histórica e os incumprimentos que esta institución ten coa veciñanza de San Vicente de Leira no concello de Vilamartín de Valdeorras. Foron xa varias as lexislaturas, moitos os/as deputados e deputadas que as conformaron e mesmo dous presidentes, sen que a situación de completo abandono que sofre a estrada de acceso a esta localidade, fose emendada e executada unha solución axeitada, logo de anos de burocracia infinita: proxectos, informes, alegacións, etcétera. Os veciños e as veciñas de San Vicente veñen soportando, dende hai xa moitos anos, un verdadeiro *via crucis*, co acceso ás súas vivendas. Están a sufrir un verdadeiro atropelo ao que non pon solución a administración competente: a Deputación Provincial de Ourense. En varias ocasións, o Grupo Provincial

Socialista trouxo ao Pleno a dita problemática, mediante mocións, rogos ou preguntas. A solución da Deputación sempre foi botar balóns fóra e meterse nunha espiral de escusas e piruetas administrativas, alegando estar ante un asunto moi complexo que tamén é competencia doutras administracións. Pero a día de hoxe a única realidade é que a estrada OU-0807 é de titularidade da Deputación de Ourense. Aínda que, inicialmente presentaba unhas deficiencias de extrema gravidade, co paso do tempo acabou por derrubarse definitivamente nun dos seus tramos, que continúa a agardar por unhas prometidas solucións que nunca chegan por parte dun goberno provincial que, a día de hoxe, segue de brazos cruzados sen resolver o problema. O presidente da Deputación, Manuel Baltar, é o máximo responsable de atopar unha solución a este problema que xa acumula vergoñentos anos e anos de demora. Os veciños e as veciñas de San Vicente o único que queren é poder acceder ás súas casas ou predios en condicións de seguridade e confortabilidade, sendo tamén ese mesmo obxectivo para o que traballa o Grupo Socialista. Tanto o actual presidente como o anterior, nunca afrontaron este grave problema coa seriedade que merece, e parecen querer empregar a táctica de deixar que esta parroquia esmoreza e os seus veciños morran para non ter que dar solución a este gravísimo atropelo. A esta Deputación de PP e Jácome xa se lle esgotaron as escusas que, durante moitos anos, foron un carrusel de impedimentos e mentiras para non executar compromisos adquiridos unha vez que xa contamos cun proxecto de trazado e tamén as expropiacións. Pero o caso de Vilamartín non é único. O PSdeG-PSOE segue a insistir no sistemático e negligente abandono do goberno conservador da Deputación de Ourense das infraestruturas do oriente ourensá e, por iso, solicitamos a súa mellora inmediata, tras décadas de abandono, desleixo e afronta absoluta do PP contra algunhas das comarcas máis relevantes para a nosa industria ou o noso turismo. A veciñanza está farta das falsas promesas, polo que esiximos corrixir canto antes esta vergoñenta débeda histórica. Este Grupo Provincial Socialista considera inadmisíbel que o grupo de goberno manteña nunha caótica situación, desde hai anos e a pesar das constantes reclamacións, algunhas estradas e infraestruturas de Valdeorras, Viana ou Trives, territorios clave para a nosa economía pola súa importancia nos sectores industrial ou turístico. Ao caso concreto de Vilamartín de Valdeorras, con problemas de acceso a San Vicente durante os últimos trinta anos, súmanse as graves eivas que presentan estradas de titularidade provincial que dan acceso ás canteiras e minas de lousa de Carballeda e O Barco, así como ás zonas de alta montaña de Trives e Manzaneda. No caso concreto de Viana do Bolo, desde o Grupo Provincial Socialista tamén

consideramos intolerable que unha estrada como a de San Agostiño, que soporta unha importante carga de tráfico de turismos e mercadorías, estea nunha situación propia dun territorio en guerra. O Grupo Provincial Socialista considera que a Deputación de Ourense debería incrementar os cartos dedicados ao mantemento das estradas provinciais xa que, ao longo dos últimos anos, o único que fixo o presidente desta Deputación foi recortar estes fondos. É necesario executar unha análise técnica de necesidades polo miúdo e, posteriormente, elaborar un plan de investimentos equitativo, que permita solucionar as reiteradas carencias das que se queixan moitos veciños e veciñas, tal e como levamos tempo defendendo dende o noso grupo a través dun servizo de conservación público e de calidade. Por todo o exposto, o Grupo Socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Deputación Provincial de Ourense a executar o proxecto da estrada de San Vicente de Leira en Vilamartín de Valdeorras. 2. Instar á Deputación Provincial de Ourense a mellorar canto antes, o resto de estradas con deficiencias da súa titularidade localizadas nas comarcas do oriente ourensá, tanto na zona de Valdeorras, como en Viana, Trives ou Manzaneda. 3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a elaborar unha análise técnica de necesidades das vías de titularidade provincial e, posteriormente, a redactar e aprobar consensuadamente un plan de investimentos equitativo, que permita solucionar as reiteradas carencias destas estradas. Por último fai un breve repaso a modo de mostrario, do estado das estradas provinciais na zona de Valdeorras, Viana, Trives e Manzaneda, e continuación achega os datos de investimentos desta Deputación indicando que son moi escasos e que se precisa dunha actuación urxente nestas.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Manifesta que, se atendese só á exposición de motivos da moción, votaría en contra dela, xa que está chea de faltas de respecto aos restantes grupos e de falta de institucionalidade. Entende que hai outras maneiras de criticar a un goberno e de poñer de manifesto outra forma de facer política sen ser irrespectuoso. En todo caso como está de acordo coas propostas de acordo consistentes en seguir mellorando o estado das estradas da nosa provincia e en concreto de tentar atopar solución ao estado da estrada de San Vicente de Leira é prioritario, vai a votar a favor da moción do Grupo Socialista.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza, anunciando o voto favorable do seu grupo a esta moción, se ben quere trasladar algún matiz a esta. Sinala que debemos ter presente os mil oitocentos quilómetros de extensión da rede provincial de estradas e que

contan cun orzamento aproximado para o seu mantemento de entre un e dous millóns de euros, e todos sabemos que isto non chega a nada. Sobre a estrada de San Vicente de Leira sinala que estamos a falar dun orzamento de execución da obra proxectada de en torno a catorce millóns de euros que considera moi elevado, e que hai que ir ao fondo, e buscar responsables para repoñer esta estrada ás súas condicións orixinais, e que xunta de Galicia e CH do Miño-Sil, algo terán que dicir. Engade que as propostas de acordo ben se poderían facer extensivas a todo o territorio provincial e non só ás zonas aludidas, e incluso ás estradas municipais.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza, sinalando que a Comarca de Valdeorras desde hai moitos anos vive un pouco de costas ao resto da provincia e comparte a afirmación de que temos unha débeda histórica con esta comarca. Comparte a necesidade de mellorar o estado da rede provincial de estradas. Sobre a problemática da estrada de San Vicente de Leira entende que non se poderá executar sen a cooperación doutras AAPP e coincide en que haberá que dirixirse tamén aos responsables. A conservación de estradas está na xénese da propia institución provincial, polo que debe ser un aspecto moi importante da xestión provincial e incrementar o orzamento destinado a esta. Remata, sinalando o voto favorable do seu grupo político.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Indica que sobre a moción do grupo socialista hai que facer varias matizacións. Sinala que as propostas de acordo lle parecen asumibles para este goberno provincial. Sobre a exposición de motivos sinala que está moi afastada da realidade e que contén varias faltas de respecto. Sobre a estrada de San Vicente de Leira precisa que nesta problemática, que vén de moitos anos atrás, hai dúas vítimas. En primeiro lugar os veciños, que perderon o seu acceso principal ao pobo, e en segundo lugar a propia deputación, que perdeu un treito dunha estrada provincial por causas alleas a ela e debido á inoperancia doutras administracións polas que pasaron gobernos de diferentes cores, tanto na Xunta de Galicia como na CH do Miño-Sil. Manifesta que son varias as reunións que se están a manter para tratar de solucionar esta problemática, que este goberno non está de brazos cruzados e que xa se fixeron varias xestións. Así manifesta que xa está redactado un borrador de convenio de colaboración co Concello de Vilamartín de Valdeorras, á espera de que se baleire a balsa de auga, e que en todo caso non é responsabilidade desta administración, senón doutra. Sobre a afirmación de que se teñen abandonadas as estradas do oriente da provincia, sinala que é unha afirmación falsa. Igual sucede coa afirmación sobre a estrada de San

Agostiño, a cal foi precisamente solucionada grazas á intervención desta Deputación, dos concellos implicados e da empresa responsable. Esta obra, superados os problemas burocráticos da mercantil adxudicataria, está actualmente en execución e axiña estará rematada.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza, manifestando que é incorrecto dicir que a Comarca de Valdeorras viviu de costas á provincia, senón que o apropiado é dicir que o resto da provincia viviu de costas á comarca de Valdeorras. Insiste en que a porcentaxe de investimento na Comarca de Valdeorras é moi baixo. Concorda en que a Deputación é unha vítima no problema da estrada de San Vicente de Valdeorras pero que tamén é certo que lle corresponde liderar a solución a este problema implicando para isto ás AAPP que considere. Insiste en que a Deputación debe apoiar e investir na estrada municipal que agora é o único acceso que hai ao pobo de San Vicente de Leira, e non traspasarlle toda a responsabilidade ao concello. Engade tamén exemplos doutras estradas da comarca que están en moi mal estado, como a que sobe á OU-0802 de Sobradelo a Casoio, o treito de Baselles na estrada que remata en San Vicente de Leira, ou a que comunica Trives e Manzaneda nos seus primeiros quilómetros. Por último fai referencia a un informe dos propios técnicos desta Deputación sobre as obras do Plan Provincial de estradas do ano 2022 no que queda en evidencia que planifican máis os propios alcaldes que a propia Administración Provincial.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Manifesta que o resto da provincia e do país si é certo que vivimos un pouco de costas á comarca de Valdeorras, e que as vías de comunicación son deficientes, polo que debería instarse a revertelo por parte de todas as AAPP implicadas.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Insiste en que é fundamental mellorar as estradas de comunicación coa comarca de Valdeorras, e que o bo estado destas sería un pulo para o desenvolvemento turístico e paisaxístico desta.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Nesta quenda sinala respecto ao tema de San Vicente de Leira, que o seguinte paso a dar é unha reunión conxunta con todos os implicados e poñer enriba da mesa a proposta que fai o alcalde, e que en todo caso esta Deputación vai a apoiar a conservación e mantemento da estrada municipal que dá acceso. Sinala que en todo caso lle resulta curioso que o concello veña de asinar un convenio de máis dun millón de euros coa CH do Miño-Sil para unha obra nun paseo fluvial, e non falen da necesidade de solucionar o acceso a San Vicente de Leira. Lembra que para dar solución á problemática da

ponte sobre o río Xares, se implicaron o concello do Bolo, a Xunta e esta Deputación, pero non a CH do Miño-Sil. Remata, indicando que coas matizacións feitas á exposición de motivos, votarán a favor da moción.

- quenda de peche Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Para rematar, apunta que está moi benquerer implicar á CH do Miño-Sil, pero que o máximo responsable é Minas da Xunta de Galicia, que é quen autorizou as actividades mineiras que presuntamente deterioraron a estrada de San Vicente. Engade que debe darse solución á estrada provincial de acceso ao pobo de San Vicente de Leira e ao resto das da Comarca de Valdeorras que se atopan en mal estado.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Deputación Provincial de Ourense a executar o proxecto da estrada de San Vicente de Leira en Vilamartín de Valdeorras.
2. Instar á Deputación Provincial de Ourense a mellorar canto antes, o resto de estradas con deficiencias da súa titularidade localizadas nas comarcas do oriente ourensán, tanto na zona de Valdeorras, como en Viana, Trives ou Manzaneda.
3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a elaborar unha análise técnica de necesidades das vías de titularidade provincial e, posteriormente, a redactar e aprobar consensuadamente un plan de investimentos equitativo, que permita solucionar as reiteradas carencias destas estradas.

14º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA AO DESMANTELAMENTO DO TRANSPORTE PÚBLICO COLECTIVO TERRESTRE EN OURENSE E GALIZA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Procede a dar lectura á moción do seu grupo na que se sinala que neste intre se atopa en tramitación o Anteprojecto de Lei de Mobilidade Sostíbel por parte do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA). Con carácter xeral o anteprojecto de Lei de Mobilidade Sostíbel do MITMA, propón a elaboración do DOMOS (Documento de orientacións para a mobilidade sostíbel), e no seu artigo 19.- Documentos de Boas Práctica (páx. 42)

indica no apartado c) “dar soluciones de movilidad en entornos rurales o de baja densidad de población”. Curiosamente, vista a proposta do Novo Mapa Concesional, semella que o Goberno de España, no canto de priorizar estas solucións de mobilidade o que fai e reducir drasticamente as liñas de transporte público por estrada, sen ter feito antes proposta ningunha que favoreza a mobilidade sostíbel nos territorios rurais, algo que por certo no propio anteproxecto queda totalmente abeirado, mentres si se recolle en profundidade a busca de solucións para unha mobilidade urbana, incluíndo axudas e soporte económico para esta. Non é algo que sorprenda, xa que como ben sabemos tanto o Goberno de España como a Xunta de Galicia, tanto neste como noutros ámbitos, están a falar en múltiples ocasións da necesidade de establecer políticas de discriminación positiva para os territorios do interior e con problemas de perda de poboación, mais logo isto non se traslada en feitos reais, máis alá dunha mera declaración de intencións, valeira de dotación real de fondos. Unha vez máis, atopámonos con que nas presentacións dos seus plans para actualizar as concesións do transporte colectivo por estrada, as súas propostas van en sentido totalmente contrario ao expresado con carácter teórico no anteproxecto. O mapa de liñas deseñado polo INECO, suporá un drástico recorte nas paradas no noso País. Con esta actualización prevese unha redución nas paradas en liñas que percorren a A-6 e a A-52, afectando directamente aos concellos de Guitiriz, O Corgo, Baralla, As Nogais, Chantada, Quiroga, Monterroso, Palas de Reis e Pedrafita na provincia de Lugo a Rivadabia, Allariz, Riós, Trasmirás, a Mezquita e A Rúa en Ourense a Arzúa e Melide na Coruña e a Forcarei, Silleda e Lalín en Pontevedra. Estes recortes afectarían a unha poboación que se aproxima a 136.000 residentes, ademais dos potenciais visitantes. Como se pode observar no documento presentado polo Ministerio “Impacto del nuevo mapa concesional de los servicios regulares de transporte por carretera en la comunidad autónoma de Galicia”, as provincias máis afectada son as do interior, cunhas necesidades específicas en cuestión de servizos de transporte por estrada e vertebración do territorio, isto fai que esta eliminación sexa especialmente daniña para unha provincia como a de Ourense. Así, vemos como a provincia de Ourense fica afectada pola supresión de paradas nas liñas estatais que unen Madrid con Galiza; Caltunya con Galiza; Galiza con Euskadi e o denominado Corredor da Prata. Claramente isto non contribúe á cohesión social e territorial. Sobre todo, cando se prevén suprimir paradas en cabezas de comarca ou paradas que superan amplamente os criterios de demanda interautonómica que o anteproxecto establece para o mantemento de paradas intermedias cunha demanda de máis 500 viaxeiros ao ano e mesmo suprimir paradas intermedias de concellos

rurais non metropolitanos que superan o criterio de manter paradas en concellos metropolitanos cunha demanda de máis de 2000 viaxeiros anuais. É dicir establecemos un criterio e logo saltámolo cando queremos. Nun país onde diariamente asistimos a novas queixas e denuncias polo deficiente estado do servizo público de transportes, con atrasos sistemáticos, eliminación de horarios, paradas e itinerarios cuns máis que deficientes servizos ferroviarios, esta redución constitúe unha nova vulneración dos dereitos da veciñanza afectada ao non dispoñer duns servizos públicos de calidade, e dos propios preceptos deste anteproxecto, xa que non atendería a criterios sociais e mesmo a criterios medioambientais, xa que fomentaría o uso do vehículo privado ante a deficiencia manifesta do servizo público. Segundo podemos extraer deste anteproxecto, o criterio fundamental para esta eliminación está baseado en cuestión de rendibilidade económica das liñas, desbotando enteiramente os beneficios sociais e medioambientais propios duns servizos públicos. As políticas deste tipo van na dirección contraria de garantir o dereito dos cidadáns de medios rurais e de menor poboación a acceder á mobilidade. A mobilidade sostible non debe rexerse por criterios puramente economicistas, senón polo ben común e polo deber de asegurar servizos públicos e polo deber de asegurar servizos públicos aos seus habitantes, contribuíndo así á cohesión social e territorial, de forma que non aumente a fenda entre os medios urbanos e as áreas máis rurais ou de menor poboación. O Goberno do Estado debe ser consciente das realidades específicas do noso país e do noso rural, garantindo o acceso da cidadanía aos servizos básicos, vivan na cidade ou vivan no rural. Un rural vivo precisa de servizos que permitan vivir e poder ter un proxecto de vida nel, polo que propostas como estas só dificultan a vida nos territorios fóra dos ámbitos urbanos ou nomeadamente, das cidades. Esta futura situación viría a sumarse ás xa deficientes comunicacións de transporte público de proximidade coas que conta a provincia de Ourense, nos últimos anos afectada polos recortes impostos no Plan de Transportes da Xunta de Galiza. Deste xeito, as posibilidades públicas de mobilidade da poboación da provincia de Ourense quedarían practicamente a unha anécdota. O Novo Plan de Transportes da Xunta mudou itinerarios, paradas e horarios e integrou parte das liñas co transporte escolar, o que aínda hoxe segue a provocar protestas non só pola desaparición de servizos previos que non foron cubertos polos novos senón tamén polos incumprimentos das novas empresas adxudicatarias. Con este novo Plan de Transportes da Xunta de Galicia varias liñas de autobús que percorren os concellos da provincia pasaron ao sistema de funcionamento baixo demanda. Este, só circula se alguén fixo reserva o día laborable anterior antes das 19 horas,

dificultando o uso do transporte público ás persoas que máis o necesitan, as persoas maiores e con menos recursos que non dispoñen de vehículo propio e que tamén son as que menos manexo fan das telecomunicacións, sen as cales non se pode utilizar o bus baixo demanda. Se alguén necesita transporte baixo demanda, temos o servizo de taxi. O bus baixo demanda prexudica sobre todo ás pequenas localidades e ao comercio local que é o que máis servizo presta ás persoas usuarias do transporte público, polo que se agrava a perda de calidade de vida e servizos públicos no rural e a súa despoboación fronte aos centros urbanos. Toda esta realidade agravada pola situación que vivimos na Galiza en canto ao déficit, deterioro e abandono de infraestruturas ferroviarias que é a consecuencia de decisións arbitrarias e inxustas, adoptadas durante anos polos gobernos español e galego, e ten responsables directos tanto no PP coma no PSOE. O sistema radial actual do tren no noso país foi concibido para comunicarnos con Madrid. Prímase, así, o centralismo e a obsesión por conectar Galiza coa capital española (fixámonos nos veciños portugueses, que foxen da conexión madrileña (ou será do supermodelo Ayuso de xestión) como do demo. Xa que, no canto de garantir uns servizos ferroviarios dignos que conecten os concellos galegos, garantindo unha mobilidade máis eficiente, máis racional, máis útil para as galegas e os galegos e máis respectuosa co medio ambiente e coas persoas, soamente fai por achegar aos de Madrid máis axiña (polo menos os ourensáns), namentres semella tentar afastarnos do resto do país. Conste que nada temos contra esta mellor mobilidade xeográfica co Estado, pero isto non pode ser a escusa para recortar ata o infinito os necesarios investimentos en medios, investimentos e persoal para a vertebración ferroviaria da Galiza. O PP á fronte da Xunta de Galicia permitiu o proceso de desmantelamento da rede ferroviaria galega, mesmo partillando dela mentres gobernaba en Madrid, suprimindo servizos e eliminando estacións e apeadeiros, política comezada polo goberno español no ano 2012 e que está lonxe de revertirse coa chegada o goberno do Estado de PSOE e Podemos. Desde o BNG apostamos por unha mobilidade que responda ás necesidades das galegas e galegos, e que contribúa á vertebración e ao desenvolvemento do noso país. Somos conscientes da necesidade de adaptar as liñas de transporte tanto por estrada como por ferrocarril ás novas demandas da sociedade e á realidade do noso medio, mais o que non podemos consentir como representantes da cidadanía desta provincia é que as solucións achegadas tanto pola Xunta de Galicia como polo Goberno do Estado Español, sexan a redución de servizos, cando non a súa directa eliminación, sen a posta en marcha de novas solucións e sen atender en absoluto as necesidades de mobilidade da poboación. É por todo o exposto con anterioridade, polo

que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos: 1. Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a que en atención ao articulado do propio Anteproxecto da Lei de Mobilidade Sostíbel, debe recollerse con carácter previo á supresión das 23 paradas previstas no NMC, as solucións de mobilidade sostíbel, pública e de calidade para os habitantes destes e do resto dos concellos galegos especialmente os das contornas rurais, e os seus visitantes. 2. Instar ao Goberno do Estado e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao mantemento das liñas de transporte público por estrada del dependentes actualmente e as súas paradas, e ao estudo de novas rutas pola súa banda e pola da Xunta de Galicia complementarias con estas. Que permitan a mellora da mobilidade en medios de transporte público comunitarios para os veciños e veciñas. 3. Instar ao Goberno do Estado a que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana na futura “Lei de Mobilidade Sostíbel” explicita claramente a aposta polo transporte público de viaxeiros, adecuado ás necesidades de Galiza. 4. Instar ao Goberno do Estado á transferencia á Xunta de Galiza da xestión das paradas e adaptación das frecuencias en territorio galego. 5. Demandar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o mantemento das liñas de transporte e as súas frecuencias nas condicións en que se prestaban antes da recente aprobación do “Plan de Transporte Público de Galicia”. Ou a dar solucións alternativas aos usuarios que as estaban a empregar nas mesmas condicións de frecuencias e custes. 6. Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a recuperar o tren das 6:45 entre Ourense e A Coruña, que aínda non foi recuperado e continúa xerando graves consecuencias ao estudantado e traballadores e cuxas consecuencias en cuestión de cohesión territorial e social xa estamos a padecer. 7. Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a priorizar as demandas das declaracións institucionais da Deputación de Ourense do mes de outubro “sobre a problemática do ferrocarril na provincia de Ourense” e a declaración institucional “en defensa do ferrocarril público e social” nas que se demanda a recuperación de frecuencias, persoal, melloras de infraestruturas e a promoción de trens de proximidade, así como a recuperación de estacións para ofertar un servizo público digno e de calidade aos cidadáns e articular o noso territorio. 8. Instar á Xunta de Galiza a que asuma todas as competencias en materia de ferrocarril interior e ó Estado a realizar a dotación orzamentaria precisa para isto, tal como se fixo noutros territorios do Estado. Para iso instamos a creación dunha operadora ferroviaria pública galega “Galtren” a través da cal pór en marcha un servizo de trens de proximidades, recuperando as liñas abandonadas,

mantendo e aumentando liñas, frecuencias e paradas, e creando novos apeadeiros en zonas de crecemento poboacional. 9. Instar ao goberno do Estado á recuperación inmediata das estacións de ferrocarril da Rúa/Petín e o Barco de Valdeorras e atención presencial en ambas estacións. 10. Instar ao Mitma á posta en marcha dunha liña que comunique Valdeorras con Ourense en horarios e frecuencias que permitan unha conexión eficiente e uns desprazamentos en horarios e prezos axeitados para o acceso das e dos valdeorras/es á capital provincial e ao conxunto do país. 11. Instar ao Mitma á recuperación do Alvia nocturno que conectaba con Barcelona, así como do resto de frecuencias e traxectos eliminados de xeito paulatino nos últimos 10 anos. 12. Instar a que se execute a variante sur de Vigo que unirá o corredor atlántico galego con Portugal dende Tui. E á mellora da liña do Miño para que Ribadavia poida manter a súa estación e dar servizo ao Ribeiro e comarcas veciñas tanto en servizos de proximidade, coma en mercadorías e liñas de media distancia.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para sinalar que o mellor sería que este tipo de mocións se debatan e voten no Parlamento do Estado ou no autonómico, xa que pouco ou nada teñen que ver coa gobernabilidade desta provincia. En todo caso, polo “espírito veraniego” no que estamos e sen que sirva de precedente, e ao entender que a maioría son reivindicacións xustas, votará a favor da moción presentada.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para manifestar que o seu grupo vai a votar a favor desta moción, habendo un compoñente de “espírito estival”, se ben entende que en termos xerais a inmensa maioría das cuestións que se expoñen serían de desexable execución para o noso territorio e a nosa provincia.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que el vai a tentar argumentar o sentido do voto do seu grupo, indicando que se atopa moi sorprendido polo argumento de “espírito estival” que algúns deputados e deputadas traen a colación para apoiar esta moción. Seguidamente engade que na súa opinión todo o que afecte a esta provincia, aínda que non sexa competencia de esta Administración, senón doutras, é debatible neste pleno. A continuación sinala que o voto do seu grupo vai a ser a abstención, argumentando que esta se debe a que nunha moción de tanta extensión e con tantos puntos de acordo, que semella unha carta aos reis magos, fai que se perda a mensaxe, máis se cabe porque se mesturan peticións moi concretas e executables no corto prazo pero outras que poden levar varias lexislaturas. Lembra que o Goberno do Estado leva facendo un gran esforzo coa chegada do AVE a Ourense, en época de crise, e que o AVE xa está aquí. Sobre a

batería de propostas contidas na moción do BNG entende que hai moitas que se poden mellorar e modificar, e hai outras que son inconcretas ou se refiren a cuestións que aínda non son realidade no día de hoxe, como por exemplo, cando se fala do transporte ferroviario a media distancia gratuito, medida que xa foi adoptada polo Goberno Central e que hai un compromiso firme de que esta medida sexa aplicable ao AVANT Ourense-A Coruña. Remata, xustificando a abstención do seu grupo novamente en que hai moitas cuestións da moción que son mellorables, e que as competencias en mobilidade en Galicia son da Xunta, que leva desmantelado o servizo de autobuses nos derradeiros anos, e a práctica totalidade da moción consiste en instar unicamente á Xunta de Galicia.

- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Toma a palabra para sinalar que esta moción relativa ao desmantelamento do transporte terrestre tanto en Galicia como en Ourense, é moi extensa, densa e incluso oportunista. Engade que ademais é unha moción que chega tarde porque xa o PP levou ao Parlamento de Galicia unhas iniciativas encamiñadas á defensa do dereito á mobilidade dos galegos e galegas. Sinala que o pasado 13 de xullo o Parlamento de Galicia aprobou unha proposición non de lei co seguinte texto resolutivo *“o Parlamento de Galicia insta ao Goberno Galego a pedir ao Goberno de España que rectifique os criterios empregados no deseño do novo plan – mapa concesional das liñas de transporte por estrada da súa competencia e teñan en conta as peculiaridades que ten Galicia no que respecta á dispersión territorial e poboacional, promovendo a prestación de servizos de transporte interautonómicos de calidade que garantan cando menos as paradas e os tráficois actuais, ademais da conexión directa existente ata o de agora”*. Remata, indicando que, a pesar das pullas que se meten na moción á Xunta de Galicia, o seu grupo non se vai a poñer de perfil e van a apoiar a moción do grupo do BNG, xa que o novo mapa de liñas afecta a seis concellos da nosa provincia que se van a ver moi prexudicados, e supón unha desconexión da provincia de Ourense e de Galicia. Así, engade como exemplo a regulación que fixo o Ministerio dos Fondos Next Generation Mobilidade, que só son aplicables a concellos de máis de 50.000 habitantes, deixando fóra á práctica totalidade dos concellos da provincia (todos agás a capital), polo que semella que para o Ministerio a mobilidade é un privilexio, e non un dereito.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza agradecendo o voto dos grupos que se amosaron a favor da moción, e respecto ao grupo socialista sinala que eles, a diferenza do grupo socialista, non van a publicar no Facebook que non votaron a favor da moción.

Sobre o fondo da moción entende que perfectamente debe ser debatida neste pleno, xa que afecta directamente á cidadanía de Ourense, e todas as propostas de acordo xiran en torno á mobilidade sostible e de calidade. As peticións que se fan na moción son todas lóxicas e razoables. Sobre a gratuidade dos trens AVANT engade que a día de hoxe non o é, a pesar do suposto compromiso do Ministerio, e que se podía recuperar a liña das 06.45. Engade que non alcanza a entender por que o grupo socialista non está a favor desta moción. No fondo estamos a falar de se temos un país vertebrado a nivel de comunicacións e mobilidade ou non, e máis cando é posible que se poñan en marcha pagos nas autovías, segundo anuncia o Goberno Central, e que, se é así, a cidadanía non tería a opción de optar por un transporte público de calidade.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para manifestar que ao final a voceira do Partido Popular aproveita esta moción para facer unha crítica de toda a xestión do goberno de Pedro Sánchez, que leva só tres anos gobernando, e que todo o desmantelamento da rede de transportes parece culpa del, cando na súa maior parte se trata de competencias da Xunta de Galicia. Engade que esta política que fai o PP parece que está a tomarlle o pelo á cidadanía, e indica que ao mellor o “efecto Feijóo” non é para tanto, e levan unha sorpresa. O único que fai o PP é atacar a Pedro Sánchez, e lembra que o PP vota en Madrid en contra dos Orzamentos Xerais do Estado e das medidas anticrise, pero logo critican a falta de medidas. Nesta liña sinala que lle sorprende bastante a postura do BNG, e lle lembra que cun goberno do PP no Estado moito peor lle ía a ir a Galicia. Diríxese novamente á voceira do PP para indicarlle que resulta abraiante que se fale desde esta institución do repartimento dos fondos Next Generation que fai o Estado, cando esta Deputación é todo menos exemplar no repartimento. Como exemplo sinala a liña de axudas do IDAE á que optaron todos os concellos da provincia que así o acordaron, e que supuxo un gran desembolso económico, e que o Estado está a distribuír os fondos de xeito público, transparente e con procedementos de concorrencia competitiva, xustamente ao contrario do que fai esta Deputación cos concellos.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Intervén para sinalar que concorda coa segunda intervención que fixo o grupo do BNG, pedíndolle que lle faga chegar ao deputado do BNG no Congreso que faga estas mesmas reivindicacións. Respecto á postura do grupo socialista, que na súa opinión si se pon de perfil, preguntalle se lle parece un bo funcionamento que as subvencións precisamente do IDAE, xustificadas no ano 2019, se estean ingresando aínda

estes días ou que non existan axudas en materia de mobilidade para concellos de menos de 50.000 habitantes.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que respecto aos Fondos Next Generation ten bastantes dúbidas e que moitos concellos parece que poden quedar sen ningún tipo de axuda. Engade que ademais estes días está sendo notificada aos concellos a liquidación pola participación nos tributos do Estado do ano 2020, e que esta vai a ser moi gravosa e nos vai poñer a todos nunha situación moi complexa. Remata, indicando que o país e a provincia precisan dun transporte público sostible, económico e de calidade para que poidamos vivir no noso territorio en condicións dignas e equiparables ás das grandes cidades.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a que en atención ao articulado do propio Anteproxecto da Lei de mobilidade sostíbel, debe recollese con carácter previo á supresión das 23 paradas prevista no NMC, as solucións de mobilidade sostíbel, pública e de calidade para os habitantes destes e do resto dos concellos galegos especialmente os das contornas rurais, e os seus visitantes.

2º.- Instar ao Goberno do Estado e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao mantemento das liñas de transporte público por estrada del dependentes actualmente e as súas paradas, e ao estudo de novas rutas pola súa banda e pola da Xunta de Galicia complementarias con estas, que permitan a mellora da mobilidade en medios de transporte público comunitarios para os veciños e veciñas.

3º.- Instar ao Goberno do Estado a que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana na futura “Lei de mobilidade sostíbel” explicita claramente a aposta polo transporte público de viaxeiros, adecuado ás necesidades de Galiza.

4º.- Instar ao Goberno do Estado á transferencia á Xunta de Galiza da xestión das paradas e adaptación das frecuencias en territorio galego.

5º.- Demandarlle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o mantemento das liñas de transporte e as súas frecuencias nas condicións en que se prestaban antes da recente aprobación do “Plan de Transporte Público de Galicia”, ou a darlles solucións alternativas aos usuarios que as estaban a empregar nas mesmas condicións de frecuencias e custos. 6º.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a recuperar o tren das 6.45 entre Ourense e A Coruña, que aínda non foi recuperado e continúa xerando graves consecuencia ao estudantado e traballadores e cuxas consecuencias en cuestión de cohesión territorial e social xa estamos a padecer.

7º.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) a priorizar as demandas das declaracións institucionais da Deputación de Ourense do mes de outubro “sobre a problemática do ferrocarril na provincia de Ourense” e a declaración institucional “en defensa do ferrocarril público e social” nas que se demanda a recuperación de frecuencias, persoal, melloras de infraestruturas e a promoción de trens de proximidade, así como a recuperación de estacións para ofertarlles un servizo público digno e de calidade aos cidadáns e articular o noso territorio.

8º.- Instar á Xunta de Galiza a que asuma todas as competencias en materia de ferrocarril interior e ao Estado a realizar a dotación orzamentaria precisa para isto, tal como se fixo noutros territorios do Estado. Para isto instamos a creación dunha operadora ferroviaria pública galega “Galtren” a través da cal pór en marcha un servizo de trens de proximidades, recuperando as liñas abandonadas, mantendo e aumentando liñas, frecuencias e paradas, e creando novos apeadeiros en zonas de crecemento poboacional. 9º.- Instar ao Goberno do Estado a recuperación inmediata das estacións de ferrocarril da Rúa/Petín e O Barco de Valdeorras e atención presencial en ambas estacións.

10º.- Instar ao Mitma á posta en marcha dunha liña que comunique Valdeorras con Ourense en horarios e frecuencias que permitan unha conexión eficiente e uns desprazamentos en horarios e prezos axeitados para o acceso das e dos valdeorreses á capital provincial e ao conxunto do país.

11º.- Instar ao Mitma a recuperación do Alvia nocturno que conectaba con Barcelona así como do resto de frecuencias e traxectos eliminados de xeito paulatino nos últimos 10 anos.

12º.- Instar a que se execute a variante sur de Vigo que unirá o corredor atlántico galego con Portugal dende Tui e a mellora da liña do Miño para que Ribadavia poida manter a súa estación e darlle servizo ao Ribeiro e comarcas veciñas tanto en servizos de proximidade como en mercadorías e liñas de media distancia.

15º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

16º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de xuño de 2022.

Os membros da Corporación quedan informados.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta en relación co proxecto de “Reparación da Ponte da Barxa sobre o río Xares” no Concello do Bolo. Está xa asinado o convenio entre os organismos que financiarán esta obra? Está xa redactado o proxecto construtivo? Dispónse xa dos pertinentes informes sectoriais? Cales son os prazos previstos para o inicio da obra?

A Presidencia responde dando lectura ao informe do xefe da sección de conservación explotación da Deputación no que se indica que se realizaron varias modificacións por parte da Intervención da Deputación, e enviáronse á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o día 15/06/2022, e a día de hoxe está pendente da firma pola Xunta, pero a Deputación de Ourense xa ten asinada, na partida de Cooperación Provincial 450.12/762.01 no Suplemento-Modificación N.º 3 a contía de 51.200,00 euros. Si, está redactado cun orzamento de 462.000,00 euros (IVE Incluído), entregado na Área de Infraestruturas da Deputación de Ourense e reenviado ao Concello do Bolo o 27/10/2020. Foi o Concello do Bolo o encargado de tramitar a aprobación do proxecto e as solicitudes dos informes sectoriais. A autorización da CHMS estaba a punto de emitirse, xa foi a información pública, pero desde a Consellería de Medio Ambiente consideraron que a obra debería levar a Declaración de Impacto Ambiental.

Na situación actual, e coa Declaración de Impacto Ambiental en tramites, é inviable garantir os prazos de previsión para o inicio da obra.

- Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta por que a Deputación Provincial de Ourense presumiu de celebrar o “mes do Orgullo” cando non organizou nin realizou nin un só acto relacionado, todo isto a pesar de que a deputada delegada de IGUALDADE dona Luz Doporto ten dedicación exclusiva?

A Presidencia responde que non sabe onde presumimos de celebrar este día, pero o que si fixemos foi en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Provincial de data 1 de xuño de 2022 probar a adhesión á Declaración Institucional da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) con motivo do Día Internacional del Orgullo LGTBI o día 28 de xuño. A Deputación, para dar visibilidade a este movemento, estivo iluminada coas cores da bandeira LGTBI dende o propio día 28 de xuño ata o día 10 de xullo.

- Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta: O longo das últimas semanas vimos de asistir con gran preocupación a unha serie de noticias que se están a producir en relación ao Club Ourense Baloncesto. A través dos medios de comunicación e de varios anuncios e declaracións tivemos constancia de que a Deputación de Ourense decidiu non formar parte do Consello de Administración da entidade, como viña facendo anteriormente. A isto sumouse a marcha do principal accionista e CEO do Grupo Hereda, Pedro Fernández, que en varias entrevistas xa deixou claro graves discrepancias co presidente da Deputación, José Manuel Baltar. Agora vén de anunciar que pedirá a devolución dos cartos investidos no club e tamén que se lle devolva o aval presentado ante a Federación de Baloncesto e que é indispensable para que o club poida competir. Ante estas circunstancias, temos varias preguntas que realizar: Cantas accións posúe a día de hoxe a Deputación de Ourense no Club Ourense Baloncesto, despois do cambio accionarial dos últimos tempos? Cal é a postura do goberno provincial e da Deputación de Ourense tralo anuncio do CEO do Grupo Hereda e un dos principais accionistas do club de que abandona o Consello de Administración? Por que decidiu a Deputación de Ourense, sendo un dos principais accionistas do COB, abandonar e non formar parte do novo Consello de Administración? Pensan volver nun futuro a este? Que pensan facer coas accións que a Deputación de Ourense ten agora mesmo do COB? Vanas vender para que o club pase a mans privadas? Pensan seguir manténdoo e seguir controlando deste xeito o Club Ourense Baloncesto? Saben xa quen asumirá o pago do aval depositado na Federación de Baloncesto e

que o propio Pedro Fernández pediu que se lle devolvese? Como vai actuar este ente provincial en relación aos pagos que o señor Fernández lle reclama ao club e que teñen que ver coa última tempada, na que o presidente do club era un dos homes de confianza do señor Baltar? Por que José Manuel Baltar e a Deputación Provincial de Ourense non foron capaces de chegar a acordos co señor Pedro Fernández para a xestión de Club Ourense Baloncesto? É certo que dende o goberno provincial se boicoteou o proxecto do Grupo Hereda? Garante a Deputación de Ourense o futuro do Club Ourense Baloncesto? Vai manter as subvencións e colaboracións actuais, reduciranse ou aumentarán? Cal é o obxectivo do goberno provincial con respecto ao Club Ourense Baloncesto? Farán como co Club Deportivo Ourense, deixalo morrer?

A Presidencia responde dando lectura ao informe emitido polo asesor da Presidencia Bernardino González, no que sinala que trala última ampliación de capital esta institución é a propietaria de 4.600 accións, o que supón un 16,5076 % do accionariado do Club Ourense Baloncesto. Respecto á segunda pregunta, respecto total ás decisións persoais que poida tomar calquera membro do Consello de Administración do club. A decisión de non formar parte do Consello de Administración está baseada na falta de confianza polo incumprimento do compromiso adquirido polo grupo Hereda no que se refire á adquisición do 51% das accións. Esta institución analizará calquera cambio que se produza no seo do club e adoptará a decisión adecuada respecto diso. A Deputación de Ourense, que é accionista do club desde hai case trinta anos, analizará as posibles ofertas, e tomará as decisións máis adecuadas en cada momento, velando polos intereses do club e da propia institución. Ternos constancia que a día de hoxe o club segue avalado. Actualmente non ternos constancia de que o Sr. Fernández presentase esa solicitude. A actuación desta institución limita rase a deixar traballar ao actual Consello de Administración, elixido na Xunta de Accionistas. Si, houbo un acordo, pero o compromiso adquirido polo Sr. Pedro Fernández coa Deputación de Ourense, o Concello de Ourense e o anterior presidente do Consello de Administración foi incumplido polo Sr. Fernández. É absolutamente falso que o goberno provincial haxa boicoteado o proxecto do Grupo Hereda. A Deputación de Ourense é unha parte importante do accionariado e fará todo o posible para a continuidade dun club emblemático e importante desta provincia. Esta institución é con diferenza a que historicamente maior apoio económico achegou ao Club Ourense Baloncesto, e evidentemente seguiremos apoiando en función das nosas posibilidades. O

obxectivo da Deputación é que o Club Ourense Baloncesto logre os maiores éxitos deportivos e siga sendo un dos clubs de referencia da nosa provincia.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta logo dos múltiples anuncios na prensa sobre as posibles localizacións provisionais da sede da Deputación Provincial e dos compromisos de que sería coñecida antes do verán, e ante a falta de información e respostas concretas ás nosas preguntas sobre este traslado e tendo en conta que segundo se indicou, o pasado 30 de xuño estaba prevista unha xuntanza da comisión de seguimento entre o Concello de Ourense, a Xunta de Galicia e a propia Deputación para determinar a nova localización provisional, Cales foron os acordos tomados nesa xuntanza? Teñen xa decisión sobre cales serán tanto a localización provisional como tamén a definitiva?

A Presidencia responde que como xa se respondeu no derradeiro pleno, e xa se indicou de forma reiterada ao seu grupo, estase a realizar avaliación das distintas posibilidades por parte dos servizos técnicos para o traslado da actividade administrativa a unhas instalacións provisionais. Tivo lugar xuntanza de seguimento o mércores 30 de xuño entre Concello, Xunta de Galicia e Deputación. Na xuntanza, a segunda celebrada este ano trala convocatoria de febreiro, participaron o delegado territorial da Xunta de Galicia, Gabriel Alén; a concelleira de Urbanismo do Concello de Ourense, Sonia Ogando; o responsable do proxecto do balneario, Mario Crecente; os técnicos da administración provincial Mónica Legaspi, Juan Marquina, Eva Reza e Javier de Anta. Como xa se comunicou publicamente ese encontro permitiu concretar as dúas posibles localizacións: ambas de titularidade autonómica o antigo Pazo de Xustiza, na praza de Concepción Arenal, e a delegación de Sanidade da Xunta de Galicia, na avenida de Zamora. Dous inmobles que segundo reúnen os 3.000 metros cadrados de superficie necesarios para que a actividade administrativa da Deputación funcione a un nivel óptimo. Na reunión descartouse a posibilidade do traslado da administración provincial ó vello cárcere. O traslado ás futuras instalacións provisionais calcúlase que podería realizarse ao longo do segundo semestre do 2023. A mesa quedou de celebrar unha nova xuntanza para o vindeiro mes de outubro.

Esa mesa acordou tamén a redacción do proxecto básico de renovación e transformación do edificio deste Pazo Provincial en Gran Hotel Balneario, asinándose a providencia de incoación do expediente de contratación o pasado 5 de xullo de 2022.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre que o pasado 26 de xullo de 2022, a través da Área de Cultura desta Deputación, se anunciaba a posta en marcha desde

principios de agosto e ata o 31 de outubro do Programa ludoteca móbil da Deputación para o ano 2022. Cal foi o medio de difusión deste programa? Enviouse esta oferta a tódolos concellos da provincia? Os criterios de adxudicación foi exclusivamente a orde de entrada de solicitudes? Cantos concellos solicitaron a participación neste programa? Cales foron os concellos adxudicatarios? Cal é a achega económica a este programa que fai esta Deputación?

A Presidencia responde dando lectura ao informe elaborado pola asesora en materia de política cultural, no que informa que o medio polo que se fixo chegar a información aos concellos foi por correo electrónico o día 26 de xullo de 2022. Si, a todos os concellos da provincia excepto ao concello da cidade de Ourense. Si. Solicitaron a participación 29 concellos. A día de hoxe estase pendente de revisar a proposta, xa que hai dous modelos de ludoteca e hai que ver se as solicitudes se axustan ás condicións que ten que ter cada espazo no que se van a montar. A relación definitiva estará adxudicada a principios de agosto. A achega económica é de 14.990,00 €, máis o IVE correspondente.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta se desde esta Deputación se tivo oportunidade de facer algún contacto coa corporación da RTVG e se hai algunha resposta sobre as desconexións provinciais que existían con anterioridade á pandemia e que foron suprimidas.

A Presidencia responde que si houbo contactos, por escrito e telefónicos, pero polo de agora non se obtiveron resultados.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre a supresión da oficina de recadación que esta Deputación tiña no Concello de Viana do Bolo, e que vai a pasar co resto das oficinas da provincia e se van seguir o mesmo camiño.

A Presidencia responde que solicitará información e lle responderá por escrito.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula o rogo de que da liquidación das entregas a conta do Estado do ano 2020, parece que se nos vai solicitar a devolución de importantes cantidades, en moitos casos por enriba do 25 % do ingresado. A isto hai que sumar os gastos extraordinarios dos concellos no ano 2020 pola pandemia, sen ser en ningún caso compensados nin polo Estado nin pola Xunta de Galicia, polo que solicitamos que desde esta Deputación, a través da FEMP e da FEGAMP, se inste ao goberno do Estado a frear este atropelo.

A Presidencia toma nota do rogo.

- Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre un escrito presentado nesta Deputación o día 03.03.2022 polo Concello de Xinzo de Limia para colocación de sinais toponímicas para o pobo de Seoane de Oleiros na estrada provincial OU-1107. Indica que, unha vez rematado o prazo de resolución do procedemento, non consta resolución expresa deste, polo que roga que se acceda a esta petición canto antes. Pregunta tamén pola posta en marcha da planta de valorización de residuos RCD de Morgade, e solicita que se faga un inventario dos bens que alí existen, xa que cre que puideron ser subtraídos algúns, e pide por favor que se indique cando se vai a poñer en funcionamento dunha vez por todas, xa que os vertedoiros incontrolados están a causar un grave problema ambiental nese concello.

A Presidencia toma nota dos rogos formulados.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/otnc318UQSBtUcMGEDImnAt1InvbBzz3ivspZML5Ff0zInpy.wmv>

SHA512

06c5db1cdf19b64152351edbeecdccfc923040917325ae9a796c17b8c47b97c9cace7b3
771691ea35d60ffc85cf00e8c2e3dfa14e584a9445fe97302db483d29

E, ás 13.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

